

AYUNTAMIENTOS

VIGO

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 11 de setembro de 1992, aprobou definitivamente a Ordenanza Municipal do Transporte Especial de Uso Escolar, e, no cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, procédese a súa publicación co texto que se adxunta.

Vigo, a 17 de setembro de 1992.—O Alcalde Acctal., Dolores Villarino Santiago.

ORDENANZA MUNICIPAL DO TRANSPORTE REGULAR ESPECIAL DE USO ESCOLAR

Artigo 1º

Rexerase polo disposto na presente Ordenanza, o transporte regular de estudiantes e de alumnos de educación especial que terá lugar dentro do termo municipal e a súa orixe ou destino sexa un Centro de Ensinanza, sendo, por tanto aplicable, a Preescolar, incluíndo garderías; EXB; BUP; COU; e Formación Profesional do Primeiro grao.

Artigo 2º

Para a realización do transporte regular especial de escolares será requisito inexcusable o dispoñer dunha autorización municipal expedida pola Concellería de Seguridade, Circulación e Transportes do Concello de Vigo.

Artigo 3º

As mencionadas autorizacións serán solicitadas polas persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos destinados a realizar transporte regular especial de escolares, ante o Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na forma seguinte:

I.—Instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde de Vigo, na que haberán de figura-los seguintes datos:

- Datos identificativos do propietario do vehículo (razón social).
- Marca, número de bastidor e matrícula do vehículo obxecto da solicitude.

— Centro ou Centros escolares para os que desexan presta-lo servicio.

II.—Fotocopia compulsada da tarxeta ITV, acreditativa de ter pasado o vehículo as revisións regulamentarias e cumpri-las prescripcións legais vixentes relativas ó transporte regular especial de escolares.

III.—Fotocopia compulsada da póliza actualizada de seguro complementario que cubra sen limitación de contía a responsabilidade civil polos danos e prexuizos sufridos polas persoas transportadas, derivados do uso e circulación dos vehículos destinados a esta forma de transporte.

IV.—Certificado que acredite os itinerarios a realizar, paradas solicitadas (entre as propostas no Anexo I), duración do transporte a realizar e horarios, expedido pola entidade contratante.

V.—Croquis esquemático nun plano a escala 7.500 (doblando o formato UNE A-4), indicando os sentidos de circulación sobre o itinerario e sinalando cun pequeno círculo as paradas propostas entre as contempladas no Anexo I.

Este croquis deberá estar selado e asinado pola empresa que realice o transporte e o Director do Centro ou Centros Escolares ós que preste servicio.

Artigo 4º

O Concello outorgará a correspondiente autorización unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos. Esta autorización será entregada ó peticionario, conxuntamente cun distintivo ó efecto.

Non obstante o disposto no artigo anterior as autorizacións que se concedan para transporte de alumnos de educación especial serán obxecto de tratamento específico e individual para cada percorrido, primando, en todo caso, os dereitos do alumno.

Artigo 6º

O conductor dun vehículo autorizado está obrigado a levar, durante a prestación do servicio, a autorización concedida. Asimesmo, no parabrisas delanteiro, en lugar ben visible e sen dificulta-la visibilidade do conductor, colocarase o distintivo municipal do vehículo autorizado, mentres preste o servicio. Todo elo, sen prexuizo doutras autorizacións ou sinalización de que deba dispoñelo vehículo.

Artigo 7º

Mediante unha dilixencia ó dorso da copia da instancia de solicitude presentada (artigo 3º punto T), o Departamento de Circulación poderá conceder autorización provisional válida por un período de 30 días naturais, unha vez comprobado que o vehículo reúne axeitadas condicións. Para esta comprobación será condición inexcusable a presentación dos orixinais da tarxeta ITV do vehículo e da póliza de seguro complementaria co correspondente recibo actualizado.

En caso de avería ou por calquera outra causa eventual e transitoria, poderá prestarse o servicio mediante un vehículo suplente, estes vehículos suplentes habe-

rán de cumplir todos los requerimientos vixentes do mesmo xeito que aqueles ós que sustitúan.

Para estes supostos será preceptivo solicitar autorización especificándose na instancia que se trata dun vehículo suplente, asimismo poñerese na parte superior dos documentos II e III, indicados no artigo 3º desta Ordenanza, non sendo necesario neste caso a aportación do itinerario.

Artigo 9º

Se un vehículo suplente prestase servicio, o conductor haberá de levar, ademáis da autorización propia deste vehículo, a do vehículo "titular" ó que substitua no servicio.

Os vehículos suplentes non se lles entregará o distintivo municipal, debendo usar, no seu caso, aquél do vehículo ó que substituan na prestación do servicio.

Artigo 10º

As autorizacións terán unha validez máxima dun ano e en todo caso por un tempo determinado acorde coa caducidade da tarxeta de ITV, propia do vehículo, ou coa duración do curso escolar.

Artigo 11º

O acceso de escolares ó autobús e saída do mesmo, haberá de realizarse no interior do recinto escolar, agás naqueles casos que técnicamente non sexa posible, nos que será fixado o lugar de parada polo Concello.

Artigo 12º

As vías a utilizar nos itinerarios do transporte escolar e os lugares exclusivamente autorizados como paradas, serán as definidas no Anexo 1 da presente Ordenanza, as cales podrán ser modificadas por este Concello cando o interese xeral así o aconselle.

Artigo 13º

As infraccións do disposto na presente Ordenanza serán sancionadas con multas na contía prevista na vixente lexislación.

A reincidencia nas infraccións contempladas na mesma levará consigo a retirada da autorización concedida.

Artigo 14º

En todo o non disposto na presente Ordenanza será de aplicación a lexislación que complementan e en especial o R. D. 2.296/83, de 25 de agosto; o Decreto 160/1988, de 9 de xuño da COTOP; Lei 16/87, de 30 de xullo de Ordenación de Transportes Terrestres; R. D. 1.211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 18/1989, de 25 de xullo, sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor; R.D.L. 339/1990, de 2 de marzo; e R.D. 13/1992, de 17 de xaneiro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os servicios de Transporte Regular, Especial de Uso Escolar de carácter interurbán que circulen polo termo municipal, quedarán suxeitos ó réxime de autorización,

en canto a itinerarios e paradas, previsto na presente Ordenanza, en tanto en canto non se dicten pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, as disposicións previstas na disposición final primeira do Decreto 160/1988, de 9 de xuño.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ós 20 días da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

9195

* * *